



Terra e Tempo do día da Patria de 1978. REBOIRAS NA LEMBRANZA

REBOIRAS NA LEMBRANZA

Publicado no Terra e Tempo do día da Patria de 1978

REBOIRAS NA LEMBRANZA

Paso a paso marchando
no camiño da patria
levamos na memoria
as alegres palabras
que Reboiras decía
cando entre nós andaba.
Polos campos labrados,
polas dornas e as fábricas
sementamos as verbas
do noso camarada.
Ouh, aquela canción
de vida e de esperanza,
ouh, aquelas surrisas
amistosas e cálidas,
ouh, aquelas mans duras
no traballo forxadas,
afeitas a coller
ferramentas e armas.
Terras do Val de Lemos
humildes e onduladas
que o mirastes pasar
ó noso camarada.
Rúas pinas de Vigo,
de Cangas, de Moaña,
casas traballadoras
que lle destes pousada,
decídeme se non
queda a sombra cravada
nos carballos, nas lousas,
nas paredes das casas,

se non queda a sua vida
inmóvil na lembranza
dos barcos, dos peiraos,
das palleiras, das fábricas.
Anchos campos da terra,
común e dóce patria,
decídeme que a morte
do noso camarada
foi pedra de futuro,
cemento de alborada,
roxa estrela, martelo,
fouce, bandeira, cántiga,
decídeme que o vento
traí as suas palabras,
que o seu corpo baril
pervive nas montañas,
que non morreu Reboiras,
que está sempre na patria
contido na concencia
do pobo que levanta
formacións de combate,
razóns de barricadas.
Decídeme, congostras,
vales, chairas, montañas,
que está con nós pra sempre
cravado na lembranza
o capitán do pobo,
o altivo camarada.

Darío Xohán Cabana.

PORQUE GALICIA ERA UNHA TAREFA DE TODOS

Do libro 1º festival de poesía no Condado. Maio 1981

urxentísima e leda e necesariamente mortal,
caeu Moncho Reboiras.

Porque o capital invasor e os sicarios do medo
espulsaban o pobo das súas posicións ancestrás
e porque o corvo da emigración arrincaba os
[ollos da patria,

caeu Moncho Reboiras.

Porque os noxentos avóitores do imperialismo
[voaban sobre o moribundo corpo de Galicia,
case cadavre ou golem estigmatizado,

porque a guerra nunca remata mentras o pobo
[non é vencido totalmente,

caeu Moncho Reboiras.

Porque era preciso erguer unha bandeira en ca-
[da corazón

de cada home e de cada muller dos traballado-
[res de Galicia,

porque había que facer florear rosas vermellas
[en todas as mans traballadoras de Galicia,

caeu Moncho Reboiras.

Porque er xusto e necesario acender unha ca-
[charela vermella

en cada picato e en cada outeiro e en cada pe-
[nado de Galicia

pra avisar ó pobo da hora da liberación,
caeu Moncho Reboiras.

Darío Xohán Cabana